

Bloque 1. Prehistoria e Historia Antiga

Bloque 1 Cuestión 1.- O NEOLÍTICO: CARACTERÍSTICAS E CAMBIOS CON RESPECTO Á ÉPOCA PALEOLÍTICA

O Neolítico, literalmente “pedra nova”, foi unha auténtica revolución para as colectividades humanas, xa que por primeira vez o ser humano pode controlar o abastecemento de alimentos (tras aprender a cultivar plantas e domesticar animais), producir obxectos cerámicos e fabricar tecidos. **O home deixa de ser depredador e pasa a ser produtor** (produce os seus propios alimentos); aínda que non abandona a caza, a pesca e a recolección. Estes descubrimentos deron lugar a un importante incremento de poboación e á aparición dos primeiros poboados estables. A **sedentarización** favoreceu a especialización e a división do traballo, o que propiciou a xeración de excedentes de produción, a aparición de propiedade privada e a diferenciación social.

O Neolítico desenvolveuse na Península entre o 6.000/5.500 e o 3.000 a.C. (con bastante atraso con respecto ós núcleos de Oriente). O Neolítico introduciuse na Península Ibérica pola zona costeira mediterránea da man de pobos chegados por mar procedentes de Oriente Próximo. Estes pobos introduciron as plantas e os animais domésticos que constituían a súa fonte de alimentación. As primeiras culturas neolíticas apareceron nas covas da costa mediterránea levantina e no sueste andaluz. O xacemento do Neolítico Antigo máis importante é o da Cova de l'Or (Alacant), datado arredor do ano 4.000 a. C.

A nova forma de vida pronto se estendeu por Cataluña, Andalucía e sur de Portugal, e paulatinamente cara ó interior, sendo adoptada pola poboación autóctona. Pero as zonas máis afastadas da costa mediterránea quedaron algo illadas das novidades.

Os instrumentos seguiron sendo maioritariamente de pedra (industria lítica), pero se perfeccionou a técnica co xurdimento da pedra puída. Os utensilios diversificáronse e especializáronse, coa aparición de **aixadas, fources ou muíños de man** para moer o gran, e xurdiu a cerámica para conservar e cocer os alimentos. Destaca a presenza dun tipo de cerámica que se coñece como **cerámica cardial** cunha decoración feita a base de impresións de conchas de moluscos (*cardium edule*) sobre o barro fresco. Cerámica que se encontra tamén en Palestina, Grecia e Italia.

Nesta primeira fase neolítica mestúranse os trazos antigos cos novos, por exemplo: vivían en covas e abrigos naturais e a caza e a recolección continuaban sendo actividades importantes para o sustento da comunidade, pero comezan a practicar a agricultura e a gandería, que era a principal fonte de alimentación.

A partir do ano 4000/3.500 a. C., comeza **unha nova fase da revolución neolítica** na Península coa extensión dos cambios neolíticos ás poboacións autóctonas do interior peninsular. Os avances desta etapa volven a estar relacionado coa chegada de poboadores procedentes do leste. A agricultura gaña terreo como fonte da alimentación. Os cultivos comezan a ser máis variados: ós cereais (trigo e cebada) engádense os legumes. A caza e outras actividades tradicionais continúan, pero perden terreo.

Aparecen verdadeiros poboados que agora se sitúan en zonas máis chans e axeitadas para o cultivo. No sueste peninsular, este período final coñécese como **cultura de Almería**, con poboados con vivendas circulares como El Garcel. En Cataluña desenvólvese a chamada **cultura de sepulcros fosa**, caracterizada pola presenza de necrópoles. Un descubrimento importante desta época foi a minería, documentada nas minas de Can Tintoret en Gavá (Barcelona).

Desde o punto de vista cultural destaca a **pintura rupestre levantina**, que se caracteriza pola monocromía (vermello, negro e branco) e pola representación, entre esquemática e naturalista, da figura humana e os animais, case sempre en movemento. Hai bos exemplos en Cogull (Lleida) e A Valltorta (Castellón).


Cara ó final do Neolítico, no **Calcolítico** (3.500-2.200 a. C.), desenvólvese a **cultura megalítica**, que se caracteriza polas construcións con grandes bloques de pedra, ás veces de dimensións espectaculares que adoitan ter un sentido simbólico, relixioso e de enterramento. O megalitismo desenvolveuse fundamentalmente na zona meridional da Península, na zona costeira atlántica, en Cataluña e norte de Aragón, e non cabe interpretala como a “cultura” dun pobo concreto. Os megálitos non son exclusivos do Neolítico, pois seguirán construíndose na Idade dos Metais. En Galicia temos, por exemplo, o dolmen de Dombate e de Axeitos (A Coruña), o menhir de Gargantáns (Pontevedra)...

ORIGEN Y DIFUSIÓN DEL NEOLÍTICO



Desde el Creciente Fértil el Neolítico se extendió por toda Europa.

Xacimentos neolíticos na Península.



CADRO COMPARATIVO DO PALEOLÍTICO E DO NEOLÍTICO NA PENÍNSULA		
	PALEOLÍTICO	NEOLÍTICO
PERIODIZACIÓN	1 350 000 – 12 000 a.C.	6 000 – 2 200 a.C.
HOMOS	➤ P. Inferior: <i>Homo habilis</i>, <i>Homo erectus</i>, <i>Homo antecessor</i>. ➤ P. Medio: <i>Homo heidelbergensis</i>, <i>Homo neanderthalensis</i> ➤ P. Superior: <i>Homo sapiens</i>	<i>Homo sapiens</i>
ECONOMÍA	➤ Depredadora: viven da recolección, da pesca e da caza.	➤ Produtora: interveñen na produción de alimentos. • Agricultura (cereais e leguminosas) • Gandería ➤ Continúan coa recolección, pesca e caza. ➤ Intercambian produtos con outras comunidades (inicio do comercio)
SOCIEDADE	➤ Viven en grupos de poucos individuos (clans, tribus), ➤ Nómade. Protéxense en covas e abrigos de rochas. ➤ Non existe propiedade privada, pero hai certos rangos sociais.	➤ As comunidades medran (crecemento da poboación ó estar mellor alimentados e vivir máis seguros). ➤ Sedentaria. Poboados en vales (El Garcel). Vivendas de planta circular. ➤ Inicio da propiedade privada. Medran as diferenzas sociais (xerarquización social)
CULTURA	➤ Útiles (frechas, coitelos, arpóns, lanzas...) de pedra tallada, madeira, óso, marfil, cunchas... ➤ Enterramentos con enxoval funerario (colares, bastón de mando...) ➤ Arte. Relacionado coa caza e a fertilidade. • Pinturas rupestres en covas (policromas, naturalistas, de animais illados e sen movemento). Abundantes na Cornixa Cantábrica: Covas de <u>Altamira</u>. • Venus	➤ Útiles máis variados (frechas, arpóns, aixadas, muíños de man...) de pedra puída, madeira, óso, marfil... ➤ Enterramentos con enxoval funerario que mostra as diferenzas sociais. <u>Sepulcros en fosa</u> de Cataluña. ➤ Arte. Relacionado con actividades cotiás, ritos de fertilidade... ◦ Pinturas levantinas (<u>Valltorta</u>, <u>Cogull</u>...). Monocromas. Esquemáticas. Formando escenas e con movemento. ◦ Megalitos: dolmen, menhir... ➤ Aparece a cerámica. <u>Cerámica cardial</u>


Útiles de pedra puída.



Cerámica para gardar e cocer alimentos



Cerámica cardial.



Sedentarización (Poboado de El Garcel, Almería)




Sepulcros en fosa



PINTURAS LEVANTINAS



Valltorta (Castelló)



Cogull (Lleida)

MEGALITOS



Dolmen de Axeitos (A Coruña)



Cromlech de Os Almendres (Évora, Portugal)



Menhir de Gargantáns (Moraña, Pontevedra)



*Taula, naveta e talayot da **cultura talayótica** balear, xa da Idade do Bronce*